



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DO MAR E O CONSELLO SUPERIOR DE INVESTIGACIÓNS CIENTÍFICAS A TRAVÉS DO INSTITUTO DE INVESTIGACIÓNS MARIÑAS PARA A ANÁLISE DOS DATOS RECOLLIDOS POLA UTPB NO PROGRAMA DE MONITOREO DA FROTA DE BAIXURA E A FORMACIÓN DOS TÉCNICOS DESTA UNIDADE NAS TÉCNICAS EMPREGADAS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten previsto formalizar co Consello Superior de Investigacións Científicas a través do Instituto de Investigacións Mariñas, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 16 de abril de 2016 ata o 15 de abril de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Xunta de Galicia a través da Consellería do Mar e o CSIC, a través do IIM, para a análise dos datos recollidos pola Unidade Técnica de Pesca de Baixura no programa de monitoreo da frota de baixura e a formación dos técnicos desta unidade nas técnicas empregadas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que o Servizo de Planificación, como órgano de apoio da Subdirección Xeral de Investigación e Apoio Científico-Técnico, ten atribuídas as competencias específicas indicadas no artigo 9.2.3.2 do DECRETO 168/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, entre as que se atopa a avaliación ou seguimento dos recursos mariños naturais e da actividade pesqueira, marisqueira e da acuicultura.

Que a Xunta de Galicia a través da CM desexa establecer unha colaboración específica co CSIC a través do IIM para a análise dos datos recolleitos pola Unidade Técnica de Pesca de Baixura no programa de monitoreo da frota de baixura e a formación dos técnicos desta unidade nas técnicas empregadas.





Que o IIM está disposto a ofrecer á CM en desenvolvemento do citado Convenio, a colaboración solicitada. Que o IIM é un centro propio do CSIC, enmarcado nas áreas científicas de Recursos Naturais, Ciencias Agrarias e Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, e dispón de expertos en bioloxía pesqueira de recoñecido prestixio, con capacidade para realizar os obxectivos establecidos neste convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 19 de abril de 2016.

